

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE USUARIOS DOS SERVIZOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN, DE 6 DE XULLO DE 2007

No salón de actos do Edificio de Servizos Centrais de Investigación, ás 9:30 horas, celébrase a reunión ordinaria da Comisión de Usuarios dos Servizos de Apoio á Investigación (SAI) da Universidade da Coruña, por convocatoria da súa Presidenta, a Excm. Sra. Vicerreitora de Investigación, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da anterior reunión
2. Informe da dirección
3. Novo equipamento a adquirir durante o 2007
4. Equipamento a solicitar nas próximas convocatorias de infraestrutura
5. Rogos e preguntas

e sendo a relación de asistentes:

Concepción Herrero López, Presidenta
Jaime Rodríguez González, Director dos S.A.I.
Pilar Rodríguez Barro
Jorge Delgado Martín
Carlos Jiménez González
Andrés de Blas Varela
Andrés Martínez Lage
Soledad Muniategui Lorenzo
José Luis Vilariño López
Daniel Fernández Mosquera
Julián Yáñez Sánchez
José María Aguiar Paz
Jorge Otero Canabal

Punto 1º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da anterior reunión, celebrada con data de 24 de novembro de 2006.

Punto 2º. INFORME DA DIRECCIÓN

O Director do Servizo, Jaime Rodríguez González, informa que a memoria do servizo para o ano 2006 se atopa dispoñible na páxina web dos SAI, procedendo a un resumo xeral da mesma. Adxúntase coa presente acta o contido da exposición en formato electrónico, que se resume a continuación.

O número de mostras analizadas e de determinacións continuou incrementándose durante 2006. Os usuarios tipo A representaron 3/4 partes do total, con B e C en relación 2:1 aproximadamente. A tendencia é a aumentar os servizos prestados a usuarios de tipo A. Preséntase a distribución da facturación por centros e departamentos, e por áreas. A facturación aumentou nuns 30,000 euros respecto ao exercicio anterior, sen que se houbese un aumento de tarifas.

Respecto da execución da RPT, menciónase a creación dunha lista de agarda para técnicos especialistas, e a posterior incorporación dos mesmos. A plantilla de personal de laboratorio está actualmente composta por 7 técnicos superiores e 14 técnicos especialistas, expoñendo o director a súa opinión de que se precisa incrementar a dotación de personal en ambas categoría.

Implantouse o servizo de reparación de equipamento científico. A súa asistencia pódese solicitar a través da web da universidade, no apartado correspondente ao vicerrectorado de investigación. O servizo factura exclusivamente os materiais empregados e non a man de obra. A reparación de equipos informáticos está limitada aos asociados con instrumentación científica. Está previsto que no futuro a facturación se xestione a través dos SAI. A Vicerrectora de Investigación aclara que o servizo cubre

tanto instrumentos adicados á investigación como á docencia. O servizo asesora asimesmo sobre a posibilidade de reemplazar a asistencia prestada polos fabricantes.

Punto 3º. NOVO EQUIPAMENTO A ADQUIRIR DURANTE 2007

No 2006 efectuouse unha petición de créditos reembolsables ao MEC, solicitándose 5 equipos, dos que se concederon: ICP-MS de alta resolución, dicroísmo circular, crioultramicrotomo e pulidoras para microscopía.

A solicitude do sistema ICP-MS replanteouse. Só unha casa pode suministrar alta resolución. Poderán adquirirse dous equipos: un sector magnético e un cuádrupolo. O equipo multiparamétrico para análises de augas e solos non chegou á puntuación de corte, e tentarase adquirilo xunto co equipamento de microscopía.

Punto 4º. EQUIPAMENTO A SOLICITAR NAS PRÓXIMAS CONVOCATORIAS DE INFRAESTRUCTURA

A Vicerrectora de Investigación informa que se agardan para o futuro ata dúas convocatorias FEDER máis, que quizais poderían chegar a tres. Agárdase unha para este ano, que podería ter lugar en outubro. Probablemente se considerarán por separado construcións e equipamento, tendo prioridade as construcións. A Xunta solicitou aos vicerrectores de investigación das tres universidades galegas un informe completo para este mes de xullo das previsións de construción, incluíndo unicamente edificios de construción inminente. Na UDC, presentaránse as ampliacións de CIT e CITEC e o CICA. É posible que o vicerrectorado solicite aos usuarios a actualización dos currículos para actualizar a memoria. Probablemente se dea curso a actuación a través dun convenio, a publicar no BOE, que permita acelerar a execución para que se leve a cabo neste ano. A Xunta aportaría o 30% non cuberto polos fondos FEDER, de xeito que as universidades non terían que facer aportación económica.

En canto a equipamento, a convocatoria agárdase tamén para outubro (podería aparecer un borrador en setembro). Trataráse dunha convocatoria puramente competitiva, por avaliación da ANEC con punto de corte. A Xunta non cubrirá o 30% non financiado polo FEDER, que terá que ser asumido pola universidade. É preciso determinar as necesidades existentes e preparar as solicitudes axeitadamente. A Vicerrectora de Investigación solicita aos representantes dos usuarios que fagan unha prospección das necesidades nas distintas áreas. O Director dos servizos propón usar un modelo xa aplicado na unidade de microscopía, convocándose unha reunión dos usuarios de cada unidade para establecer prioridades e plantexar solicitudes apoiadas polo maior número posible de investigadores. A tal efecto, os técnicos superiores convocarán aos usuarios por correo electrónico.

Pilar Rodríguez expón a proposta de Moisés Canle de adquisición dun espectrómetro de resonancia paramagnética de electróns, e a Vicerrectora propón que os casos concretos se discutan en cada unha das reunións mencionadas.

Carlos Jiménez pregunta pola data tope de presentación de curriculum para a convocatoria de edificios, respondendo a Vicerrectora que será o 6 de xullo, e que a presentación deberá ser en formato electrónico. O Director do servizo solicita a inclusión dun listado de proxectos vixentes en documento aparte (non se require resumo dos mesmos).

Punto 5º. ROGOS E PREGUNTAS

Andrés Martínez comenta que a entrega dos resultados de secuenciación é en xeral inmediata, pero ocasionalmente retrásase algo respecto ao habitual. Pregunta se sería posible coñecer, no momento de entrega das mostras, o prazo de entrega. A pregunta trasládase á unidade de bioloxía molecular.

Julián Yáñez expón:

1. Respecto ao microscopio de transmisión de 200kV, os usuarios solicitan que se concerte un contrato de mantemento, xa que sen el carécese de prioridade na atención, polo que se retrasa a solución dos problemas. Mentras tanto, podería facerse un convenio coa universidade de Vigo para poder acceder aos seus equipos coas mesmas tarifas que os

investigadores desa universidade. O Director informa que non hai contrato de mantemento para este equipo pola baixa carga de traballo (o coste do contrato rondaba os 30,000 euros). Agárdase unha visita dos técnicos de Izasa para a seguinte semana, na que o equipo debería quedar a punto. Por outro lado, está previsto realizar un concerto entre as tres universidades galegas, según o cal os investigadores pagarán a tarifa da súa universidade independentemente de cal delas preste o servizo. José Luis Vilariño interésase polo xeito en que se fará a xestión do IVA neste concerto, respondendo os responsables do servizo que este é un aspecto pendente de resolver.

2. O espazo de preparación de mostras en microscopía é susceptible de diversas melloras, que se poderían levar a cabo aproveitando a instalación dos novos equipos. O Director dos servizos móstrase dacordo coa proposta.

3. Habería un problema recorrente de personal na unidade, cunha única persoa a cargo da mesma, e unha lista de agarda longa para acceder aos equipos. Solicita que en próximas convocatorias se considere un técnico superior ou especialista máis, a ser posible con perfil biolóxico, pola fonte maioritaria das mostras. A dirección expón que o programa de recursos humanos da Xunta permitirá a incorporación de tecnólogos, e que a través do mesmo se vai solicitar personal tendo en conta as deficiencias desta unidade. A Vicerrectora de Investigación engade que na unidade hai unha persoa de baixa por un período xa moi prolongado, con baixas de corta duración que se suceden e que non permiten articular una substitución. O Director indica tamén que se prevé ampliar o horario de dispoñibilidade dos instrumentos.

Pilar Rodríguez pregunta pola posibilidade de utilización en autoservizo do instrumento ICP-MS cuadrupolar. O Director indica que se trata dun instrumento con bastantes anos, para o que non se conseguen pezas novas, e que non resulta apto para autoservizo. Sen embargo, vaise adquirir un novo instrumento cuadrupolar, con acoplamento a cromatografía de líquidos e gases, que se poderá utilizar en autoservizo, ao igual que o novo equipo de sector magnético.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 10:25 horas.

Vº e Prace da Presidenta

Asdo.: Concepción Herrero López

O Secretario da Comisión

Asdo.: Jorge Otero Canabal